



MONTE CAMBEIRO: TERRA CREATIVA PRESENTACIÓN DO PROXECTO E O CÍRCULO DE COMUNIDADE

Lugar: Monte Cambeiro en Amarelle. Coordenadas:

42º 56' 31.14'' N // 9º 6' 47.76'' O

Hora: 17h

Contacto para + info: María Bella (Azul Mais Verde Coop.)

<https://www.azulmaisverde.gal/news/-terra-creativa>

O próximo venres 17 de novembro presentamos publicamente o proxecto *Terra Creativa* coa inauguración do Círculo de comunidade.

Damos a benvida a todas as persoas que queiran achegarse a coñecer un pouco máis deste monte e deste proxecto. Pola mañá está convocada a xente pequena do CEIP Praia de Quenxe e pola tarde a convocatoria é aberta á veciñanza e ao público xeral. Comezaremos ás 17h no Círculo de comunidade, o espazo novo de acollida co que comeza o proxecto.

Terra Creativa é o nome do proxecto que pretende poñer en valor o monte autóctono galego e trazar de novo vínculos con estes santuarios, formas de supervivencia fronte a industria que impón a monocultura do eucalipto. É unha iniciativa que xorde da alianza entre as Asociacións Boca de Sapo e Universidade Cromática das Virtudes de Corcubión e a Cooperativa Cultural Azul Mais Verde da Costa da Morte. Un proxecto que recibe o apoio e o acompañamento da Fundación Daniel y Nina Carasso dentro da súa liña de acción “Componer saberes para imaginar e construír futuros sustentables 2023”.

Coa forza do pensamento de Vandana Shiva como mantra na súa frase *A nosa creatividade depende da creatividade da terra*, desde este proxecto, queremos tecer aprendizaxes que partan da creatividade que habita nun monte rexenerado para despertar novas sensibilidades e vínculos coa terra. *Terra Creativa* desenvolverase ao longo dun ano no Monte Cambeiro de Amarelle en Corcubión entrecruzando propostas artísticas con achegamentos propios das ciencias e invitando á comunidade a se converter en cómplice desta experiencia que honra a cultura e vida pasada no monte e actualiza e promove un futuro xunta o monte.

CÍRCULO DE COMUNIDADE

Terra Creativa inaugúrase coa creación dun Círculo de comunidade desde onde se quere dar ao público a benvida ao monte e convidarlle tamén ao paseo para descubrir os seus segredos. Esta construído en madeira de castiñeiro, como os castiñeiros que lle dan sombra e refuxio ao redor. A madeira deste Círculo é un recurso local km0 que provén da zona de Toba, propiedade dunha persoa que tivo un grande amor por estas árbores.

O Círculo de comunidade recibe apoio da Deputación da Coruña a través da liña de subvencións a Asociacións Culturais.

ANTECEDENTES DO PROXECTO

En novembro de 2017, a asociación ecosocial Boca de Sapo leva ao pleno unha moción para que o concello se declare libre de eucaliptos. Trala aprobación por unanimidade leva a cabo de maneira participada a deseucaliptización e recuperación do Monte Cambeiro, propiedade municipal. Con intención de protexelo e velar pola súa conservación, propón asinar un acordo de custodia de territorio co Concello de Corcubión.

En 2022, mediante unha colaboración xunto á Asociación Cultural Universidade Cromática das Virtudes e co apoio da Deputación da Coruña, comézanse a explorar pequenos proxectos desde os que impulsar a divulgación e mediación da transformación do monte, suscitando a posta en común de coñecementos artísticos, científicos e medioambientais.

Desde unha nova alianza xunto á cooperativa Azul mais Verde e co apoio e acompañamento do programa "Componer Saberes para imaginar e construír futuros sustentables" da Fundación Daniel y Nina Carasso, queremos revitalizar a relación emocional e a experiencia sensible con este monte testemuña dunha beleza e equilíbrios que se foron abandonando co tempo.

SOBRE OS QUE FORMAMOS ESTA ALIANZA:

Boca de Sapo Comunidade Ecosocial e Cultural

A asociación Boca de Sapo comunidade ecosocial e cultural nace en novembro de 2017 após un colectivo de mulleres e homes viran a necesidade de crear un ente útil para a defensa do territorio, xerar comunidade, demandar e exixir servizos á nosa comarca así como darlle un pulo á cultura como eixo de transformación social e de ciencias.

Entre as súas vocacións e obxectivos está tecer rede e xerar sinerxias para así contribuír activamente a construír e transformar o mundo que nos rodea desde un pensamento crítico e inconformista.

AC. Universidade Cromática das Virtudes

A “Universidade Cromática das Virtudes” constitúese no 2010 como asociación que promove iniciativas que xiran en torno á organización de actividades culturais de diversa índole aberta ás posíbeis propostas que se orixinen ben dende dentro, ben dende fóra da asociación, pero sempre no eido da comunidade. Preséntase desde a súa fundación como unha comunidade aberta, plural, unha agrupación de seres calquera, que posúen a característica común da non pertencenza e, polo mesmo, da súa condición de se sentiren na casa en calquera lugar, como un fogar espiritual e libre de dogmatismos, sempre na procura dun pensamento adecuado á leve preocupación polas cousas que crea a cor do mar e o aire que se respira nas cabezas que se achegan ata ela.

- <https://ucdv.wordpress.com/>

Azul Mais Verde Coop. Galega

Cooperativa de recente creación situada en Costa da Morte e adicada ao desenvolvemento de proxectos culturais baseados na recuperación e activación da historia e da memoria dos lugares, a través de procesos participativos. Tamén promove o pensamento crítico mediante actividades que fomenten a imaxinación, o facer en colectivo e a escoita activa. Valora a cultura local e busca formas éticas de actualizala, fomentando o diálogo entre comunidades temporais que conviven nun mesmo territorio. Azul Mais Verde desenvolve o papel de coordinación e mediación de *Terra Creativa* con todos os axentes do proxecto.

- www.azulmaisverde.gal

Fundación Daniel y Nina Carasso

A Fundación Daniel y Nina Carasso traballa para transformar o modelo da sociedade actual nun máis ecolóxico, incluso e que permita o desenvolvemento en plenitude. Comprométese en dous grandes ámbitos que son a Alimentación Sostible, por un acceso universal a unha alimentación sa e respectuosa coas persoas e os ecosistemas, e a Arte Cidadá, para o desenvolvemento do espírito crítico e o reforzo da cohesión social.

Acompaña proxectos en Francia e en España, mobilizando recursos económicos e humanos, así como desenvolvendo accións propias con este fin. Impulsada polo obxectivo do impacto social, fundamenta a súa acción na investigación, os saberes empíricos, a experimentación, a avaliación e os aprendizaxes compartidos.

Creada en 2010, é unha fundación Grant Maker (exclusivamente financiadora de iniciativas de interese xeral), de patrimonio familiar, afiliada á Fondation de France. É independente de calquera sociedade mercantil.

- www.fondationcarasso.org

Deputación da Coruña

Entidade que apoia os proxectos que se desenvolven no Monte Cambeiro desde a liña de axudas para actividades culturais desenvolvidas desde asociacións culturais

Concello de Corcubión

No 2017 o Concello de Corcubión declárase Concello Libre de Eucaliptos por unanimidade no pleno do día 17 de novembro a proposta dunha moción de Boca de Sapo. Á vez, é a entidade promotora da moción de custodia de territorio en favor de Boca de Sapo para a xestión sobre os terreiros do Monte Cambeiro e do Monte de San Andrés en Corcubión.

